

COMUNICADO DE PRENSA **O CARBALLIÑO 24/3/17**

O CONCELLO NON SOLICITOU SUBVENCION PARA O PROGRAMA DE CONCILIACIÓN FAMILIAR “BO DÍA FAMILIA”.

DECIDIRON NON SOLICITAR ESTA SUBVENCION PARA UN SERVIZO QUE POR OUTRO LADO SACAN AGORA A PRIVATIZAR POR 2 ANOS MÁIS 1 DE PRÓRROGA.

CONCELLOS DA CATEGORÍA DO CARBALLIÑO CONQUERIRON ATA 12.000 EUROS.

E UNHA IRRESPONSABILIDE DA ACTUAL CONCELLEIRA DE IGUALDADE QUE PERDE RECURSOS ECONÓMICOS PARA A CONCILIACIÓN DAS FAMILIAS.

ESTA CLARO QUE VARIOS CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DO CONCELLO COMPARTEN O DE REXEITAR OU NON TRAMITAR SUBVENCÍONS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS.

CLARO QUEDA TAMÉN QUE O PSOE E ALTERNATIVA VECIÑAL ESTÁN A XOGAR AO GATO E Ó RATÓN CO TEMA DE EXTERNALIZAR OU NON OS SERVIZOS.

A Deputación Provincial de Ourense, publicou no BOP do 14 de xaneiro a aprobación definitiva do denominado *PROGRAMA BENOURENSE INFANCIA PARA A CONCESION DE SUBVENCÍONS PARA PUNTOS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DEPENDENTES DAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS PARA O EXERCICIO 2017*. e no BOP do 22 de marzo, aparece a resolución definitiva das subvencións concedidas en Concellos de toda a Provincia.

No prazo de presentación de solicitudes presentáronse 28 propostas das cales logo de diversas audiencias e prazos de rectificación de expedientes, quedaron aprobadas 25 e rexeitadas 3.

O Carballiño nin está nas admitidas, nin está nas excluída. Poderíamos dicir que O Carballiño está na vergonzosa lista dos que NON SOLICITARON, pero dicimos máis, SÓ CARBALLIÑO ESTÁ COMO CONCELLO QUE PRESTA SERVIZO E QUE NON PRESENTA SOLICITUDE, temos polo tanto a exclusiva na lista dos ineptos.

No listado publicado vemos como Concellos de todo tipo de tamaño e condición política, teñen subvención, incluso para varias liñas de actuación á vez, vemos como Concellos da entidade de poboación do Carballiño como Barbadás e Verín levan 11.578,06€ e 12.451,48€ cada un. Os cales ademais estarán desfrutando a conta dos

veciños do Carballiño, pois ao non pedir a Subvención o Carballiño, tocan a máis no reparto.

Nas dúas anteriores convocatorias dos derradeiros anos, O Carballiño tivo algo mais de 7.000€ de subvención para “BO DÍA FAMILIA”, que atende a uns 60 cativos e que é unha axuda importante na conciliación das familias do noso pobo.

Pero si o problema parece que pode acabar aquí, resulta que todo parece indicar que a concelleira de Benestar social, igualdade e sanidade, Marina Ortega, estivo máis pendente e ocupada en sacar a concurso a privatización deste servizo que a conseguir recursos económicos para o mesmo, de feito, e coincidindo no tempo, a concelleira si que foi capaz de sacar adiante un prego de condicións que xa está aprobado pola xunta de goberno municipal e pendente de publicación para que o servizo “BO DÍA FAMILIA” pódase facer con unha empresa privada por 37.000€ ao ano durante dous anos e prorrogable outro máis, facendo un total de 3 anos.

Este comportamento xera moitas dúbidas sobre a capacidade para dirixir esta concellería, que nun servizo tan importante como o da conciliación, dedícalle máis tempo a privatización que a xerar recursos para o propio servizo.

Hai que recordar que datas atrás esta mesma concelleira foi reprobada polo “Colexio Oficial de Traballo Social” por revelar datos privados do estado dunha persoa polo triste caso de homicidio acontecido neste pobo.

Dende logo isto afea un pouco todo o discurso sobre a conciliación que se da moitas veces dende o PSOE, cando falan que outras administracións teñen que poñer máis recursos para a igualdade e para a conciliación, e logo non son capaces de telos en consideración.

Tamén estamos a observar como o MATRIMINIO DE CONVENENCIA que ten o PSOE e Alternativa veciñal, están a xogar ao despiste, e uns vanse decatando das privatizacións dos servizos a conta de que o pon de manifesto o grupo do Partido Popular no Concello e non porque un llo diga o propio grupo de goberno do PSOE, pois máis ben denota unha falta total de transparencia, lealdade e comunicación como polo pacto dos orzamentos, ó que están é xogando ao gato e ao rato neste senso.

Non nos sorprendería que algún teña que saír dicindo que outra vez se sinte enganado.

Ó que si é certo, é que dende logo este concello está patentando nesta provincia o concepto de “INCOMPETENCIA TRANSVERSAL ENTRE CONCELLERÍAS”, pois xa son varias as subvencións, que outras administracións conceden para o desenrolo dos concellos, e que o Carballiño leva perdendo, mermando a así os servizos e economía do noso pobo.